

SIMPOSIO ILG 2025
A INTELIXENCIA ARTIFICIAL E A LINGUA GALEGA: OPORTUNIDADES E RISCOS
18-20 de novembro de 2025
Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela

IA E LINGUAS MINORITARIAS: UNHA OPORTUNIDADE PARA NON QUEDAR ATRÁS

CARMEN GARCÍA MATEO

atlanTTIC (Centro de Investigación en Tecnoloxías de Comunicación)

Universidade de Vigo

A aparición dos grandes modelos de linguaxe supuxo unha transformación profunda no ámbito das tecnoloxías da fala, impactando de forma decisiva en tarefas como a tradución automática, o recoñecemento de voz ou a síntese da fala. Estes avances permitiron alcanzar niveis de prestacións que, ata hai poucos anos, parecían inalcanzables. Con todo, este progreso non foi homoxéneo para todas as linguas. O adestramento destes modelos esixe grandes volumes de datos e recursos computacionais, o que incrementou significativamente a brecha entre as linguas maioritarias —ben dotadas de recursos— e aquelas con menos representación, como moitas linguas minoritarias.

Ante esta situación, xurdiron iniciativas públicas e comunitarias orientadas á recompilación e curación de recursos lingüísticos que permitan democratizar o acceso a estas tecnoloxías. Con todo, estas iniciativas enfrontan grandes desafíos á hora de competir cos desenvolvementos liderados por grandes corporacións tecnolóxicas. Este relatorio abordará precisamente este problema: como reducir a crecente desigualdade tecnolóxica entre linguas, prestando especial atención ao caso das linguas cooficiais do Estado español, e explorando estratexias viables para avanzar cara a unha maior equidade lingüística no ecosistema dixital actual.